

DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE NOVE POSTOS DE TRABAJO: 1 CANTEIRO/A, 2 ALBANEIS, 1 ELECTRICISTA, 1 FONTANEIRO/A, 1 PINTOR/A, 1 CARPINTEIRO/A E 2 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, A XORNADA COMPLETA, CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, Ó ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2018-2019 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

En Meis, D. JOSÉ LUJIS PÉREZ ESTÉVEZ, Alcalde-Presidente deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial do 9 de marzo de 2018 do *PLAN CONCELLOS 2018-2019 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal a xornada completa de nove persoas desempregadas: *1 canteiro/a, 2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a e 2 peóns de obras públicas*, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de nove persoas desempregadas, *1 canteiro/a, 2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a e 2 peóns de obras públicas*, con carácter de laboral temporal a xornada completa.

2º. Presentar a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Cambados.

Mándao e asíno o alcalde, do que, como secretaria DOU FE.

Documento asinado electrónicamente á marxe.